



CEP CAMPOLONGO

PONTEVEDRA

PLAN DE IGUALDADE

GUIÓN

1. Introducción	5
2. Contextualización normativa e do centro	11
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia	25
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan	27
4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e do respecto pola diversidade afectivo-sexual	27
4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero ou de casos de LGTBIfobia.....	27
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos	29
5.1 Organización do centro.....	29
5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes	29
5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo	30
5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	30
6. Seguimento e avaliación	31

1. INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza

nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia no noso colexio para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar este plan específico de Igualdade para que sirva de referente a todos os membros da comunidade educativa co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipos de orientación.

O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos da sociedade e desde as aulas podemos e debemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

Persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar:

A proposta que se levará ao Consello Escolar será que sexa a Xefa de Estudos a persoa responsable.

Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero:

No caso de necesidade aplicaríamos os distintos protocolos que pon a nosa disposición a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- 1.- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- 2.- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- 3.- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.
- 4.- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- 5.- ...

Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro:

No Proxecto Educativo do noso centro, cada curso escolar na Programación Xeral Anual e no Plan de Acción Titorial facemos fincapé en que o trato entre o alumnado e todo o persoal do centro sexa de respecto e igualitario, propoñemos actividades e a participación en programas que garantan unha educación non sexista e non discriminatoria.

Estes obxectivos, actividades e programas que garantan unha educación non sexista e non discriminatoria son asumidos pola comunidade educativa e estendéndose ao resto das actividades que se realizan cos alumnos producindo un clima de sensibilización na vida do centro.

Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización:

Os distintos documentos de organización e funcionamento do centro (PEC, NOF, PXA, PAT,...) e os protocolos, instrucións, circulares da Consellería, ... son enviados ao claustro de profesores, a ANPA do centro e ao persoal non docente por correo electrónico, quedando a disposición de toda a comunidade na Secretaría do centro e publicándoos na páxina web do centro.

Medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero:

Tendo en conta o “Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero” da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa de Abril de 2016, tomaremos as seguintes medidas:

- Recibido no centro informacións sobre problemas relacionados coa identidade de xénero dun alumno ou alumna, o equipo directivo ou a persoa que reciba esta información, trasladaraa a persoa responsable da aplicación do Plan de Igualdade.
- A persoa responsable adoptará as medidas oportunas para facer un diagnóstico da situación, recadando toda a información pertinente para despois poder valorar e decidir as accións a tomar: entrevista coa familia, entrevista coa alumna ou alumno, co profesorado e persoal non docente do centro e co resto do alumnado se o considera necesario.
- Informará e dará as pautas necesarias a todos os docentes implicados para levar adiante unha educación dentro do contexto da atención á diversidade e sempre baixo o principio de inclusión.

- Aplicará, se o considera, o protocolo máis adecuado para a situación creada.
- Tamén se poñerán en marcha aqueles recursos sociais e sanitarios que están á disposición do Centro e do Departamento de Orientación, no caso de que a familia ou o alumno/a precisen apoio ou axuda neste ámbito.
- En calquera caso e amén do anterior, os responsables da orientación no centro, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para a información e formación dirixidas á comunidade educativa coa finalidade de que os alumnos/as poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual e a diversidade.

Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro:

Nos distintos plans do centro establécense uns contidos que están en consonancia cos obxectivos establecidos:

- Igualdade nas responsabilidades familiares.
- Xogos coeducativos.
- Actitudes que facilitan a convivencia familiar.
- Economía familiar.
- Autonomía persoal.
- Consumo responsable.
- Corresponsabilidade nas tarefas da casa.
- Educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado.
- Igualdade nas expectativas profesionais.
- Responsabilidade persoal nos estudos.

Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero:

Atcaremos os estereotipos, a discriminación e prexuízos desde o principio e despois ao longo de toda a educación primaria xa que está comprobado que este feito axuda a erradica-los.

Buscaremos sensibilizar tanto ao persoal como ao alumnado en:

- Eliminar os estereotipos sexistas provenientes da familia e da sociedade.
- Ampliar a seguridade das alumnas en si mesmas motivándoas a consecución de autonomía e independencia persoal.

- Introducir no alumnado a conciencia de que non existen profesións femininas e masculinas.
- Concepto de equidade no contexto de educación para a cidadanía.
- Apoiar ás alumnas que comentan que queren estudar carreiras que ata agora non eran tradicionais para as mulleres.
- Apoiar aos alumnos que comentan que queren estudar carreiras que ata agora non eran tradicionais para as mulleres.
- Charlas, cursos de formación ,... destinada a formación do persoal en materia de igualdade, non sexismo e non discriminación.

Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).

Co fin de sensibilizar á comunidade escolar durante o curso celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- 2 de maio de 2020: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Medio Ambiente.

E celebraremos e realizaremos actividades con outros colectivos: Asociación Juan XXIII, Amencer-Aspace, Asociación Síndrome de Down Pontevedra “Xuntos”, Residencia de Maiores de Campolongo, ...

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Marco Legal:

Normativa estatal:

- Constitución española de 1978.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e Homes.

Normativa autonómica:

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Documentación do centro con anterioridade elaborada con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020 e orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Proxecto Educativo:

No Proxecto educativo no seu punto 12.1 nas liñas prioritarias de actuación indica, entre outras cousas, o seguinte:

“Para potenciar e favorecer a adquisición dos principios e fins educativos o noso Centro son prioritarias as seguintes liñas de actuación:

- Convivencia baseada no respecto e na non violencia: traballo sistemático das habilidades sociais, autocontrol, potenciación das relacións afectivas, mellorando a autoestima e favorecendo a participación, a formación do profesorado e a comunicación entre os membros da Comunidade Educativa.
- Fomentar autonomía e a responsabilidade.
- A atención á diversidade, fomentará as capacidades individuais, garantindo a igualdade de oportunidades e establecendo as medidas organizativas e curriculares precisas.
- Desenvolverase unha organización baseada en criterios pedagóxicos e de igualdade.
- Fomentaranse os hábitos de vida saudable.
- ...

No punto 12.3.2 Educación en valores en educación primaria establece:

A.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

A través dos seguintes valores, incorpórase a educación transversal na educación plástica e musical:

- Amizade.
- Paciencia.
- Respeto.
- Gratitude.

- Compañeirismo.
- Xenerosidade.
- Aceptación.
- Orden.
- Solidariedade.
- Sinceridade.
- Confianza.
- Educación para a Paz.
- Comunicación.
- Participación en equipo.
- Lealdade.
- Autoestima.

B.- CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA:

A educación en valores incorpórase en coñecemento do medio, a través dos seguintes obxectivos:

- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Valorar a achega da ciencia e do traballo dos científicos ao benestar da humanidade.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, con actitude crítica e responsable.
- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e

grupos; facilitar o encontro entre persoas os intereses das cales non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.

- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación e de todas as súas expresións culturais como motor de desenvolvemento das vilas.
- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- Respetar e coñecer a pluralidade lingüística de Galicia e España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Coñecer, valorar e respetar os dereitos humanos como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.

C- LINGUAS GALEGA, CASTELÁ E INGLESA:

A educación en valores incorpórase nas linguas galega e castelá, a través dos seguintes obxectivos:

- Respetar os compañeiros e manter unha relación cordial.
- Fomentar nos rapaces e rapazas o respecto polos animais.
- Fomentar uns hábitos de alimentación saudables.
- Respetar os comportamentos das persoas como base para a boa convivencia en sociedade.
- Valorar e respetar as tradicións propias e as doutras culturas.
- Promover condutas solidarias e de axuda.
- Respetarse un mesmo e respetar os demais.
- Fomentar hábitos saudables: o coidado do corpo.
- Participar en actividades de grupo respectando as normas establecidas.
- Valorar e aplicar as normas básicas de cortesía.
- Respetar outras culturas e formas de vida.
- Concienciar ao alumnado sobre o consumo responsable dos recursos enerxéticos.
- Fomentar as relacións interpersoais e os xogos non discriminatorios.
- Respetar as normas establecidas nos xogos.

- Fomentar nos alumnos e alumnas unha conciencia social e cidadá.
- Respetar o medio urbano e as normas básicas de convivencia.
- Respetar o traballo persoal como un medio para conseguir certos obxectivos na vida.
- Fomentar e valorar as actitudes de amizade e de axuda.
- Respetar e valorar a variedade lingüística e cultural.
- Fomentar as relacións interpersoais sobre a base da comunicación.
- Respetar os diferentes tipos de familia.
- Valorar o esforzo e a responsabilidade para desenvolverse na vida.
- Valorar e respectar as tradicións culturais propias e alleas.
- Favorecer e valorar as relacións interpersoais.
- Sensibilizar ao alumnado cara á cultura popular de tradición oral.
- Aceptarse a un mesmo e respectar aos demais, sen discriminar a ninguén polo seu aspecto, forma de vestir, costumes, etc.
- Respetar aos demais e manter unha relación cordial.
- Tomar conciencia da pertenza ao universo e respectalo.

D.- MATEMÁTICAS:

Algúns temas transversais implicados nas Matemáticas neste ciclo son:

- **Educación en valores:** aceptación da propia persoa, cos seus defectos e virtudes.
- **Educación moral e cívica:** aceptación das diferenzas e das propias limitacións. Toma de conciencia das diferenzas, as necesidades e as achegas dos compañeiros. Colaboración para planificar e realizar actividades de grupo. Aceptación, dentro da distribución do equipo, do rol que lles tocou desempeñar. Valoración do traballo en grupo. Adquisición de actitudes e hábitos de solidariedade. Actitude de respecto cara ás preferencias de outras persoas.
- **Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos:** desenvolvemento de actitudes de tolerancia e respecto cara os compañeiros e compañeiras do outro sexo.
- **Educación para a paz:** actitude de respecto polas normas de funcionamento, realizando con responsabilidade as tarefas encomendadas.

- **Educación moral e cívica:** curiosidade e respecto pola vida cotiá de outras persoas. Respecto cara o que ten menos. Toma de conciencia das diferenzas, das necesidades e das achegas dos compañeiros. Colaboración na planificación e a realización das actividades de grupo.

Aceptación, dentro da distribución do equipo do rol que lles tocou desempeñar.

Actitude de respecto polas normas e as regras do xogo. Valoración do traballo en grupo.

Adquisición de actitudes e hábitos de solidariedade. Respecto polos puntos de vista distintos dos propios.

Colaboración na planificación e a realización das actividades de grupo.

- **Educación para a saúde:** valoración da importancia dunha dieta sa e equilibrada para un desenrolo corporal óptimo. Interese e gusto polo coidado persoal. Desenrolo de hábitos de limpeza, de saúde, de alimentación sa e de prevención de enfermidades.
- **Educación para a paz:** actitude de respecto polas normas de funcionamento, realizando con responsabilidade as tarefas encomendadas.

E.- EDUCACIÓN FÍSICA:

Os temas transversais implicados na Educación Física neste ciclo son:

- **Educación para a paz:** a práctica de actividades físicas propicia situacións de tensión que é necesario resolver cunha actitude de diálogo e respecto.
- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:** respectaranse as características de cada alumno, contribuíndo a eliminar os estereotipos sexistas".

Plan de Convivencia:

No Plan de convivencia no seu punto "2.- Obxectivos específicos aparecen, entre outros, os seguintes puntos:

1. Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios

de recreo, zonas de xogo, servizos, ...), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, ...).

2. Coñecer a existencia das posibles problemáticas de relación que existen na comunidade educativa entre iguais e entre distintos colectivos.
3. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
4. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
5. Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
6. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
7. Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
8. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
9. Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro.
10. Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
11. Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
12. Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...)."

E aparecen indicadas actuacións para a consecución destes obxectivos.

Normas de organización e funcionamento:

No seu punto 6 que regula os dereitos e deberes aparecen as seguintes indicacións, entre outras, para os distintos colectivos do centro:

“6.1.- PROFESORADO

Son titulares dos dereitos e deberes establecidos no artigo 8 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No artigo 11 da citada lei, tamén se recolle a condición de autoridade pública do profesorado:

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) A acceder á información necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar aos pais ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

6.2.- PAIS E TITORES LEGAIS

Son titulares dos dereitos e deberes establecidos no artigo 6 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Teñen dereito :

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos.

Teñen o deber de :

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos.

6.3.- ALUMNADO

Son titulares dos dereitos e deberes establecidos no artigo 7 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) Participar nas normas de confección de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

6.4.- PERSOAL NON DOCENTE

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.”

Plan de acción tutorial:

A súa relación con este plan aparece nos seguintes puntos:

“3.- OBXECTIVOS XERAIS:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos.
- Favorecer a adaptación escolar.
- Orientar aos pais no seu labor educativo.

4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

4.1.- En relación ao alumnado:

- Facilitar o proceso de adaptación do alumnado á nova situación escolar.
- Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Coñecer as características persoais e aspectos da situación familiar do alumnado.
- Crear e desenvolver hábitos básicos de: limpeza, orden, convivencia, participación, responsabilidade e autonomía.

- Favorecer o desenvolvemento da óptima identidade persoal, así como o autoconcepto e a autoestima.
- Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino aprendizaxe.
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas no centro e no seu contorno social- cultural.
- Progresiva adquisición de hábitos de autonomía, técnicas de autoaprendizaxe e de traballo intelectual.

4.2.- En relación ao profesorado:

- Coordinar a información acerca do alumnado que teña os diferentes profesores que inciden no grupo, especialmente para aqueles con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesorar no proceso de avaliación e recoller a información dos alumnos e alumnas.
- Posibilitar liñas comúns de actuacións cos titores, no marco do PE e da CC.

4.3.- En relación ás familias:

- Informar e asesorar aos pais acerca da marcha dos seus fillos.
- Informar, asesorar, e orientar aos pais en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos.

5.- ACTUACIÓNS:

5.1.- En relación ao alumnado:

- Actividades de acollida para alumnado de 1º. Familiarizalos co centro.
- Reunións globais coas familias no mes de setembro ou outubro.
- Integración do alumnado de novo ingreso ou dos que permanecen un ano máis no mesmo nivel por non promocionar.
- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os nosos dereitos e deberes, normas de réxime interno e disciplina, funcionamento do centro,.. e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).
- Seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- Pautas e modelos de observación do alumnado.

- Observación de maneira progresiva e sistemática, utilizando cuestionarios, rexistros... das diferentes condutas, aprendizaxes dos alumnos, ...
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais.
- Desenvolver valores.
- Utilizar técnicas de debate, para desenvolver a sociabilidade.
- Organizar convivencias con outro grupos do centro e con outros centros, intercambios con outras autonomías e países.
- Orientación ao alumnado de 6º .

5.2.- En relación ao profesorado:

En todo momento o titor/a informará ao equipo de profesores/as do grupo daqueles aspectos que considera relevantes para o desenvolvemento do proceso educativo do alumnado.

O titor, como coordinador do seu grupo de alumnos/as, reunirse co resto do grupo, profesorado para: asuntos de disciplina, conflitos de grupo, baixo rendemento ..., e porá especial interese na toma de decisións conxuntas sobre a atención á diversidade e apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, fundamentalmente para adoptar medidas de atención personalizada, levadas á práctica co asesoramento e en colaboración do departamento de orientación.

5.3.- En relación aos pais:

Os titores proporcionaranlles información da marcha académica dos seus fillos, do seu rendemento e comportamento, e asesorándoos sobre todo aquilo que afecte a súa educación, orientando a súa implicación nas tarefas de estudio e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.

A tal fin dedicarán unha hora semanal á atención dos pais e titores legais dos alumnos.

Estas entrevistas poderán producirse tanto a petición de calquera das dúas partes: familia ou profesores.”

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Por todo o exposto ata agora nós consideramos que nestes momentos a situación do centro é boa en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIFOBIA é boa.

No obstante ao longo deste curso realizaremos unha avaliación co fin dunha vez coñecidos os resultados se fose necesario tomar medidas para melloralas.

Non atopan situacións de desequilibrio entre mulleres e homes.

Representación nos distintos órganos de decisión:

Nos distintos órganos de decisión do noso centro hai unha maioría de mulleres:

Equipo directivo: 2 mulleres e 1 home.

Claustro 29 mulleres e 4 homes.

Consello Escolar: 12 mulleres e 2 homes (está pendente de nomear o representante do concello).

Comisión de Coordinación Pedagóxica: 8 mulleres e 2 homes.

Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias:

Non hai diferenzas significativas, estando nestes momentos levando á práctica a conversión dos patios de recreo en patios inclusivos.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- Fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.
- A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
- O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- A garantía da coeducación no noso centro dentro das súa autonomía de funcionamento.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero ou de LGTIfobia.

- Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- De forma directa, o profesorado non permitirá ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

- No caso de detectar casos de violencia de xénero ou de LGTIfobia actuaremos tendo en conta o “Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero” da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa de Abril de 2016, e tomaremos as seguintes medidas:
 - Recibido no centro informacións sobre problemas relacionados coa identidade de xénero dun alumno ou alumna, o equipo directivo ou a persoa que reciba esta información, trasladará a persoa responsable da aplicación do Plan de Igualdade.
 - A persoa responsable adoptará as medidas oportunas para facer un diagnóstico da situación, recadando toda a información pertinente para despois poder valorar e decidir as accións a tomar: entrevista coa familia, entrevista coa alumna ou alumno, cos profesores e persoal non docente do centro e co resto do alumnado se o considera necesario.
 - Informará e dará as pautas necesarias a todos os docentes implicados para levar adiante unha educación dentro do contexto da atención á diversidade e sempre baixo o principio de inclusión.
 - Aplicará, se o considera, o protocolo máis adecuado para a situación creada.
 - Tamén se poñerán en marcha aqueles recursos sociais e sanitarios que están á disposición do Centro e do Departamento de Orientación, no caso de que a familia ou o alumno/a precisen apoio ou axuda neste ámbito.
 - En calquera caso e amén do anterior, os responsables da orientación no centro, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para a información e formación dirixidas á comunidade educativa coa finalidade de que os alumnos/as poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual e a diversidade.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS:

5.1. Organización do centro:

- Imos favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- A persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade será a Xefa ou Xefe de Estudos.
- Difundiremos o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promoveremos a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, neste curso cun Obradoiro organizado conxuntamente coa ANPA San Xosé de Campolongo de Igualdade e prevención da Violencia de Xénero.
- Fomentaremos o emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaboraremos con outras entidades (ANPA, Concello de Pontevedra, Deputación, FANPA, Xunta de Galicia a través das distintas Consellerías, ...) na realización de actividades coeducativas.
- Realizaremos actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.): e realizaremos actividades con outros colectivos: Asociación Juan XXIII, Amencer-Aspace, Asociación Síndrome de Down Pontevedra “Xuntos”, Residencia de Maiores de Campolongo, ...
- Revisaremos e concretaremos o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Revisaremos o material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participaremos en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisaremos as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da

humanidade...

- Revisaremos o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizaremos actividades de sensibilización na aula.
- Realizaremos actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundiremos información a través dun taboleiro no centro.
- Promoveremos lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisaremos a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisaremos a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Buscaremos contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Revisaremos as actividades e a forma de ocupar o patio para favorecer a inclusión.
- Promoveremos a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Vixiaremos que non ocorran discriminacións por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promoveremos a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

Imos promover:

- O respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- As actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- O respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- As metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- A corresponsabilidade na realización das tarefas.
- As actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para avaliar a posta en marcha do plan utilizaremos os seguintes indicadores:

MEDIDA	INDICADOR
Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.	Elaborada: si/non Revisada: si/non
Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.	Nº. de materias revisadas por curso:
Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.	Nº. de accións realizadas:
Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.	Creado: si/non Difusión: si/non
Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.	Nº de accións realizadas:
Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.	Nº de accións realizadas:
Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.	Nº. de accións: Nº. de nais participantes: Nº. de pais participantes:
Valorar a aplicación dos protocolos de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.	Nº. de veces que se aplicou: Foi efectivo: si/non

Unha vez feita a avaliación modificarase o Plan de Igualdade co fin de que no seguinte curso sexa máis efectiva a súa aplicación.

Pontevedra 7 de novembro de 2019

Asdo. José Manuel Sánchez Moure
Director do CEP Campolongo